



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# LOITA entre PATRONS

É certo que, na historia da fábrica, máis dunha vez atopámonos cunha circunstancia non prevista que nos obrigara a ter que suspender a actividade, pero non é menos certo que nunca sucedeu que a orixe fora consecuencia do desencontro entre patróns.

Nesta ocasión o Proveedor principal, Faurecia Automotive España, (do Grupo) sita en Ourense, decide comunicarlle ós seus traballadores/as (dentro da xornada laboral) a suspensión da actividade do día 14, pois estaban ó corrente das dificultades que dende o venres día 9 tiñan co seu Proveedor DDM ( Ponferrada) . Problemas que ó parecer, teñen a súa orixe, entre outras, na decisión do Grupo a non facilitarlle carga de traballo nos futuros modelos.

## COMUNICACION.-

Con Faurecia parada ó día seguinte dende o Departamento de Persoal realizan chamadas telefónicas a última hora da tarde, para comunicarnos ós/ás da Quenda de mañá *"que non veñamos a traballar"*. As 12 do día seguinte o mesmo sucede coa Quenda de tarde, e como non hai dúas sen tres, no día 16 de novo, á última hora repítese a mesma comunicación.

Se partimos da base que a nosa actividade viña condicionada polo reinicio de Faurecia, ¿como non se administrou a información con máis antelación?. Esta pregunta levounos a C.I.G. a plantexar á Dirección, na reunión que mantivemos o venres 16, ¿se xogando ó límite informativo, non se pretendeu tamén, poñer a proba a reacción dos traballadores/as?

## RESPONSABILIDADES.-

Por último preguntámoslles ¿quen vai pagar os pratos rotos?, pois para a C.I.G. non podemos ser os traballadores/as, os que cargásemos coas consecuencias dunha loita entre patróns. A Dirección recoñecendo a responsabilidade de Faurecia, manifesta dúbidas ó respecto. Para a C.I.G. esta claro.

## COMENTARIO.-

É evidente que, deste conflito de intereses, debe nacer unha reflexión no Grupo acerca da súa política de externalización... deslocalización... e por suposto subcontratación de Proveedores, ó rebelar o seu verdadeiro talón de Aquiles.

Vigo, 19 de Abril de 2010

# Confederación Intersindical Galega